

MODELO DE CARTA DE RESPONSA A ANUNCIO

Zara España S.A.
Políg. Ind. de Sabón. Avda. Diputación
15142 Arteixo

María Martínez Martínez
Praza da Insuela N° 82
15123 Camariñas

Camariñas, 21 de novembro de 2003

Estimado Sr. / Sra.:

En resposta ó seu anuncio publicado na páxina de infojobs no que solicitaban 10 empregadas de atención ó cliente cara á vindeira apertura dun establecemento en Cee, remítolle o meu c.v. dada a miña interese por entrar a formar parte do proceso selectivo.

Como comprobará a través do mesmo conto con experiencia en atención ó público xa que estiven a traballar como camareira nunha cafetería e de dependenta nun negocio familiar de venda de mobles. Asemade estiven a realizar un curso de adornista téxtil polo que posúo coñecementos relacionados co sector. Considérome unha persoa con boa capacidade de comunicación, gusto polo trato co público e paciente.

Quedando á súa disposición para aclarar calquera dato que estime oportuno do meu c.v., reciba un cordial saúdo.

Atentamente,

Asdo.: María Martínez Martínez

MODELO DE CARTA DE AUTOCANDIDATURA

INDITEX S.A.
Políg. Ind. de Sabón. Avda. Diputación
15142 Arteixo

María Martínez Martínez
Praza da Insuela N° 82
15123 Camariñas

A/A: Departamento de Selección de Persoal

Camariñas, 21 de novembro de 2003

Estimado Sr. /Sra.:

Contacto con vostede dada a miña interese por entrar a traballar na súa empresa, líder no seu sector o derradeiro ano e situada entre as 5 primeiras de Galicia por nivel de facturación.

Como verá no c.v. que lle adxunto veño de realizar un curso de adornista téxtil no que perfeccionei coñecementos de bordado e elaboración de encaixes e formeime no deseño e patronaxe. Asemade posúo experiencia en atención ó público en distintos sectores polo que podería realizar tanto tarefas relacionadas coa elaboración e arranxo de prendas, coma de dependenta nalgún dos seus establecementos. Estaría dispoñible para traballar en toda a provincia da Coruña.

Quedando á súa disposición para aclarar calquera dato que estime oportuno do meu c.v., reciba un cordial saúdo.

Atentamente,

Asdo.: María Martínez Martínez